



ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
XGL/2017/9	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de febreiro de 2017
Duración	Desde as 9:40 ata as 10:25 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
53171075C	EVA, RODRIGUEZ CALVAR	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES, RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA, CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	NON
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ



Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2017

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 13 de febreiro de 2017.

2.- INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN RÚA LONTREIRA

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

2.1) SINALIZACIÓN HORIZONTAL

Examinada a solicitude presentada o día 14.02.2017 por J.C.C.N., na que demanda sinalización horizontal con liña amarela no lateral da vivenda sita en rúa Lontreira, nº 4-Aldán.

Dáse conta de informe da Policía Local do día 21.02.2017, no que se indica o seguinte:

"Nº REX: 259/17

ASUNTO: SINALIZACIÓN EN RÚA LONTREIRA, Nº 4

A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por J.C.C.N., no que solicita liña amarela na rúa Lontreira.

Por parte desta policía non existe inconveniente en conceder o solicitado posto que a vía é de dobre sentido e moi estreita, e sería conveniente se sinalizara vertical e horizontalmente".

2.2) INSTALACIÓN DE ESPELLO

Examinada a solicitude presentada o día 07.02.2017 por E.N.F., no seu nome e en representación de 25 veciños/veciñas do lugar, na que demanda a instalación de espello



Concello de Cangas

na curva sita no Xistro, nº 12-Coiro.

Dáse conta de informe da Policía Local do día 15.02.2017:

"Nº REX: 225/17

ASUNTO: SOLICITUDE DE ESPELLO NO SIXTRO, Nº 12-COIRO

A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por E.N.F., con enderezo no Sixtro-Coiro-Cangas, no que solicita un espello na curva existente no nº 12.

Por parte desta policía non existe inconveniente en conceder o solicitado".

4.- Expediente 169/2017. Concesión administrativa de uso funerario ESPERANZA SOTELO

Non hai acordo

Motivo: Ampliar
documentación

Este punto retírase da orde do día.

5.- Expediente 804/2017. Licenza urbanística de obras maiores

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 804/17 (Nº 23.859/LICENZA Nº 22.852).- A A.S.G. e J.P.E., con enderezo en rúa Saralegui, nº 19-Cangas, modifícaselle a referida licenza segundo o proxecto reformado de básico e de execución para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar sita rúa Fomento, nº 32, redactado polo arquitecto J.R.L., visado en data 8 de novembro de 2016, no sentido en que as superficies quedan da seguinte maneira: 34,00 m²., de soto, 34,00 m²., de planta baixa, 35,95 m²., de primeiro andar, 32,70 m²., de segundo andar e 29,40 m²., de aproveitamento baixo cuberta.

Autorízase a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas en Galicia con base no informe favorable da arquitecta da oficina de rehabilitación María Isabel Madraño Fariña de data 18 de febreiro de 2017.

Na execución de obras debera cumprir co establecido nos artigos 47 e 38 do PEPRI.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



6.- Expediente 551/2017. Licenza urbanística de obras maiores

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 26.713.- (551/17).- A P.G.R., con enderezo en Avda. de Lugo 15-Coiro, para no lugar de Francón-Aldán, en solo no urbanizable de núcleos rurais en areas semiconsolidadas, regulado pola ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 100,40 m²., de semisoto, outros tantos de planta baixa, 98,74 m²., de 1º andar e 42,77 m²., de terrazas, de conformidade co proxecto básico do arquitecto R.S.S., de novembro de 2.016, o presuposto de execución material da obra ascende a cento cincuenta e un mil vinte euros (151.020,00) euros. A licenza outórgase condicionada a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 12 de decembro de 2014.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das fronteiras de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de trescentos noventa e dous euros con setenta céntimos (392,70 €).

7.- Expediente 283/2017. Licenza urbanística de obras maiores

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 283/17 (Nº 26.034).- A J.C.A.S. con enderezo a efectos de notificacións en Camiño da Costa, nº 10-Cangas, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 72,30 m²., de planta baixa e 35,10 m²., de terrazas en Camiño da Costa, de conformidade co proxecto básico e de execución elaborado polo arquitecto M.A.A.L., visado o 06.05.2016. O presuposto de execución material ascende a cincuenta e sete mil douscentos cincuenta euros (57.250,00 €). A licenza concédese condicionada ao cumprimento do sinalado na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, de solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptase fianza depositada en Abanca en data 13.02.2017 que ascende a novecentos corenta e dous euros con corenta e oito céntimos (942,48 €) para responder das obras de urbanización do espazo viario.



8.- Expediente 802/2017. Licenza de parcelación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 802/17 (Nº 26.254).- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove M.G.H., con domicilio a efectos de notificacións en rúa Bacelar, nº 29–Aldán, para agrupar dúas parcelas iniciais (parcela A referencia catastral 36008A033008380000JO, 36008A033010860000JE, D10510700NG18B0001XJ e en menor medida, parte das 36008A033011480000JE, 36008A033090120000JE e 36008A033090050000JD, onde existen unha casa de planta baixa, caseta, hórreo e pozo e parcela B, onde existe outra casa e unha caseta, referencia catastral 36008A033011220000JU e 36008A033011220001KI, e en menor medida, parte das 36008A033009350000JO, 36008A033009360000JK ,36008A033008280000JG e 36008A033008290000JQ) para a súa posterior segregación dúas parcelas resultantes, regulada pola ordenanza SNUN-SNUA.

A superficie de cesión ascende a 123,00 m2.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar licenza de parcelación solicitada por M.G.H. para a agrupación de dúas parcelas iniciais (parcela A referencia catastral 36008A033008380000JO, 36008A033010860000JE, D10510700NG18B0001XJ e en menor medida, parte das 36008A033011480000JE, 36008A033090120000JE e 36008A033090050000JD, onde existen unha casa de planta baixa, caseta, hórreo e pozo e parcela B , onde existe outra casa e unha caseta, referencia catastral 36008A033011220000JU e 36008A033011220001KI, e en menor medida, parte das 36008A033009350000JO, 36008A033009360000JK ,36008A033008280000JG e 36008A033008290000JQ) para a súa posterior segregación dúas parcelas resultantes, de conformidade co proxecto elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola F.D.J. visado 11.01.2017. As parcelas resultantes son parcela A: de 926,00 m2., cunha superficie construída de 19,00 m2., e parcela B de 704,00 m2., cunha superficie construída de 283,00 m2. A superficie de cesión ascende a 123,00 m2.

SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos leva a obriga da cesión dos terreos sitios fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes, desde a notificación da concesión da licenza. De non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efecto.



9.- Expediente 40/2017. Licenza de parcelación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 40/2017- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove G.G.F., con enderezo en Camiño Vello de Rodeira, nº 20-Coiro, e que consiste nunha división en tres parcelas: nº 1 de 904,54 m²., na que existe una vivenda; parcela nº 2 de 873,25 m²., que conta cunha edificación existente e parcela nº 3 de 1.278,16 m²., procedentes de un predio matriz de 3.055,95 m²., sito no referido lugar, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto Manuel Pena Rodríguez, de data decembro de 2016, regulada pola ordenanza SNUN E SNUA.

A cesión correspondente á parcela nº 1 é de 27,57 m²., a parcela nº 2 é de 39,16 m²., e a parcela nº 3 é de 62,97 m².

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de parcelación no predio indicado a G.G.F., de conformidade co proxecto redactado polo arquitecto M.P.R. de decembro de 2016.

Segundo.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos levará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao concello. De non aportar dita escritura de cesión no prazo de un mes, desde o acordo da Xunta de Goberno Local, a licenza quedará sen efecto.

10.- Expediente 698/2017. Infracción urbanística- 25/2016 J.J.C.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 25/2016

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Resultando que no lugar de Parada-Coiro, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar a substitución de varandas que coroan o muro/cerramento frontal, por unhas construción de pedras a modo de ameas, polo menos de 4,00 metros do eixo do camiño.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados J.J.C., promotor.



Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve segundo o sinala o artigo 158.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 161.2 da Lei 2/16, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, pode tipificarse en principio como leve, segundo o sinala o artigo 158.4 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.- euros, de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente de sanción por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento de sanción a María Rodríguez Gómez, sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento de sanción é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse, no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento de sanción.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de



ser o caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso ningún, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente.

11.- Expediente 90/2017. Comunicación previa de obra menor

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 90/2017.- APERTURA 76/17.- A V.M.P., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Progreso-Avenida de Montero Ríos, n° 2-Cangas, para a realización de obras acondicionamento interior de perruquería sita en rúa Progreso-Avenida de Montero Ríos, n° 2, Cangas, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico F.M.L., en data xaneiro 2017. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil novecentos setenta e tres euros con corenta e sete céntimos (2.973,47 €).

12.- Expediente 637/2017. Comunicación previa en materia urbanística (Expte. 26251)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 637/17 (N° 26.251).- Presentada por M.M.V.M., con enderezo a efectos de notificacións nas Furnas-As Barreiras-Darbo, para reparación de cambio de tella e reparación de fachadas de vivenda unifamiliar sita en rúa Santa Pola, n° 29, de conformidade co estudo básico técnico elaborado polo arquitecto Alfredo de la Campa Fervenza, en data decembro de 2016. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil cento vinte e dous euros (4.122,00 €).



13.- Dación conta Auto ditado polo T.S.X. PO 4666/1991 - Noria 4

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PO 4666/1991 - AUTO DITADO POLO T. S. X. GALICIA CON/AD SEC. 2.

- A persoa recorrente: J.N.V.

- Contido: visto o Auto de data 16 de febreiro de 2017 do TSXG, no que a Sala acorda ter por preparados os recursos de casación respectivamente presentados pola representación da comunidade de propietarios, do edificio da rúa Noria, nº 4–Cangas e pola representación do Concello de Cangas, contra o Auto de 18 de novembro de 2016, e empraza ás partes para que poidan comparecer perante dita Sala no prazo de trinta días.

ACORDO: visto canto antecede proponse que o Concello de Cangas nomee ao procurador J.S.A., para a súa representación.

14.- Dación conta sentenza xudicial: PO 2010/2016 promovido por M.C.O.P.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PO 2010/2016.- SENTENZA 1/2017 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2

- A persoa recorrente: M.C.O.P.

- Contido: Desestima o recurso contencioso-administrativo presentado polo procurador J.D.L., en representación de M.C.O.P., contra a resolución do Concello de Cangas, de data 10 de maio de 2016, desestimatoria do recurso de reposición interposto contra a de 21 de xaneiro de 2016, na que se acordaba proceder á execución forzosa do acordo da Alcaldía de 15.07.2011 e se impoñía unha multa coercitiva de mil euros (1000,00 €) á demandante.

As custas impóñense á parte demandante.

- Cabe interpoñer recurso de apelación.

15.- Expediente 627/2017. Xantar na casa

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

ALTA no servizo a G.S.C., con expediente nº 36008/01/002050.



16.- Expediente 781/2017. PROPOSTA XUSTIFICACIÓN CONVENIO TRATAMENTO DROGAS 2016

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE PARA PROGRAMAS DE ATENCIÓN E PROTECCIÓN DA SAÚDE-2016

Que os datos consignados a continuación son certos e que na contabilidade do concello están os documentos xustificativos deles, que quedan á disposición da Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e demais institucións contempladas na lexislación para calquera comprobación que se requira efectuar.

Que ao Concello de CANGAS concedéuselle unha subvención por importe total de douscentos trece mil cincocentos vinte e nove euros con cincuenta e un céntimos (213.529,51 €), como axuda económica pola súa adhesión ao convenio de colaboración asinado o 24 de novembro de 2016 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde.

Que a finalidade da dita subvención, con respecto a este concello, é o desenvolvemento dos programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos, polo que se manifesta o seu cumprimento.

Que os gastos efectivamente pagados polo concello ocasionados pola realización dos programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos desde o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016, ascenden a un total de trescentos trinta e catro mil oitocentos cincuenta e nove euros con sesenta e tres céntimos (334.859,63 €), dos que un total de trescentos trinta e dous mil cincocentos noventa e sete euros con corenta e dous céntimos (332.597,42 €), corresponden a gastos de persoal, douscentos cincuenta e dous mil douscentos quince euros con trinta e tres céntimos (252.215,33 €) a salarios brutos e oitenta mil trescentos oitenta e dous euros con nove céntimos (80.382,09 €) á Seguridade Social, e dous mil douscentos senta e dous euros con vinte e un céntimos (2.262,21 €) a outros gastos.

Que a diferenza entre o gasto efectivamente contabilizado e pagado para o desenvolvemento dos programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos e o gasto subvencionado pola Consellería, foi financiado con fondos propios e ascende á cantidade de cento vinte e un mil trescentos trinta euros con doce céntimos (121.330,12 €).

Que para esa mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención de ningunha outra entidade pública ou privada; polo que o único importe que se vai percibir para esta actividade é o concedido a través deste convenio.



Que os conceptos e importes incluídos no presente documento non se utilizaron como xustificantes en ningunha outra subvención de ningunha entidade pública ou privada, nin da Xunta de Galicia.

17.- Expediente 795/2017. SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2017) LIÑA 2

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Publicadas, no BOP nº 249 de data 30.12.2016, as bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra.

Vista a comunicación da Deputación da contía definitiva de dito plan e que ascende a un millón oitenta e nove mil vinte e tres euros con vinte e oito céntimos (1.089.023,28 €) e na que se fai constar que con cargo a esta cantidade poderán presentarse solicitudes de subvencións, nas distintas liñas recollidas no plan, con suxeición ás porcentaxes e límites máximos establecidos para cada unha delas, o Concello con base nas necesidades e prioridades municipais, procede ao reparto deste nas diferentes liñas e á elaboración dos diferentes proxectos ou memorias.

Vista a memoria para a LIÑA 2, TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, cun importe total de cento sesenta e tres mil trescentos cincuenta e tres euros con corenta e nove céntimos (163.353,49 €).

Polo que propono á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a memoria descritiva para TRATAMENTO DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS, polo importe total de cento sesenta e tres mil trescentos cincuenta e tres euros con corenta e nove céntimos (163.353,49 €).

Segundo.- Solicitar axuda para a LIÑA 2- Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes (tratamento de residuos sólidos urbanos), polo importe de cento sesenta e tres mil trescentos cincuenta e tres euros con corenta e nove céntimos (163.353,49 €).

Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas, para esta actuación que se inclúe na Liña-2, non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.



18.- Expediente 840/2017. REMATE OBRA CAMPO ALONDRAS

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dase conta da proposta de Alcaldía de 23 de febreiro de 2017 que literalmente di:

DACIÓN DE CONTA DA ACTA DE ENTREGA DO REMATE DE OBRA “NOVA BANCADA NO CAMPO DE FÚTBOL DO ALONDRAS”

Unha vez que en data do 23.01.2017, se asinou a ACTA DE ENTREGA, do remate da obra da “NOVA BANCADA NO CAMPO DE FÚTBOL DO ALONDRAS”; que asina por parte da Deputación, o deputado delegado, D. David Regades Fernández, por parte do Concello, o alcalde, D. Xosé Manuel Pazos Varela e o arquitecto municipal, D. Alfonso Lage Pérez, e se fixo entrega das chaves das distintas dependencias das obras rematadas, que as entrega por parte da Deputación, D. José Manuel Vázquez Vázquez, en calidade de Asesor de Proxectos territoriais da Deputación de Pontevedra e as recibe en man como representante do Concello, D^a M^a Mercedes Giráldez Santos, concelleira de Obras de Servizos,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Dar conta da acta de entrega do remate da obra da “NOVA BANCADA NO CAMPO DE FÚTBOL DO ALONDRAS” e da entrega de chaves das distintas dependencias ao Concello de Cangas.

Segundo.- Que unha vez asinadas as diferentes actas, o Concello recibiuas, polo que, o Concello queda desde este momento a disposición e coidado das obras executadas.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao Club de Fútbol Alondras, con domicilio social en Romarigo, s/n-36940 Cangas, á Concellería de Obras e Servizos e ao expediente.

19.- Expediente 656/2017. ILES Cualificación "Croque Composites"

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, Dna. Ánxela Vizoso Marcos, en base na documentación presentada referente ao proxecto de empresa denominado xenericamente “CROQUE COMPOSITES”, promovida por D. M.A.R.S., e veciño de Cangas, consistente na memoria explicativa da viabilidade do proxecto empresarial, presentada polo promotor e tendo en conta o informe da axente de Emprego e Desenvolvemento Local, que consta no expediente, propón á Xunta de Goberno Local, o apoio do Concello de Cangas a esta empresa, para que poida ser cualificada e rexistrada como iniciativa local de emprego pola Consellería Economía Emprego e Industria, segundo o procedemento establecido no Decreto 9/2000, de 12 de



xaneiro, polo que se regulan as iniciativas de emprego e as súas clases, así como o procedemento para a súa cualificación e inscrición no rexistro e beneficiarse das subvencións e axudas asociadas a estes proxectos innovadores.

Considérase que un Concello apoia un proxecto empresarial deste tipo cando pon a disposición do promotor a achega de recursos económicos e/ou materiais, tales como infraestrutura ou servizos que favorezan a posta en práctica e/ou a xestión do negocio.

Tendo en conta as “medidas de apoio” acordadas polo Concello Pleno en sesión ordinaria realizada o día vinte oito de abril de dous mil para as iniciativas locais de emprego tramitadas no Concello de Cangas, a concelleira propón o apoio a esta iniciativa coa seguinte medida:

- subministración de accións formativas.- o emprendedor durante o período de asentamento da súa empresa poderá obter no Concello asesoramento especializado sobre temas legais, urbanísticos, laborais, etc.

Por todo o anterior, propono á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar as formas de apoio anteriormente indicadas para facilitar a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto de empresa “CROQUE COMPOSITES”, perante da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria e ao promotor do proxecto empresarial.

20.- Expediente 849/2017. POSTO C12 PRAZA ABASTOS

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA Á TRANSMISIÓN EFECTIVA DO POSTO DE VENDA DE CARNICERÍA Nº 12 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

ANTECEDENTES

I.- Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 13.02.2017, foi autorizada a transmisión do posto de carnicería nº 12 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, do que é titular J.P.C., a favor do seu fillo R.P.R., con enderezo a efectos de notificacións en Outeiro-Coiro, nº 12-Cangas.

II.- Despois de serlle notificado o acordo anterior aos interesados, estes dentro do período previsto regulamentariamente para tal efecto comunican que a transmisión se fixo efectiva mediante escrito de data 23.02.2017 con rexistro de entrada nº 1994.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente no seu artigo 31 dispón:

“ (...) Se o Concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión inter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal para todos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquirir o posto.”

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 30 do regulamento, de perfeccionarse a transmisión, o novo titular sucederá en todos os dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto da duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para as transmisións de postos no mercado segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do regulamento.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da transmisión da condición de concesionario do posto de carnicería nº 12 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, do que era titular J.P.C., a favor do seu fillo R.P.R., con enderezo a efectos de notificacións en Outeiro-Coiro, nº 12-Cangas.

SEGUNDO.- Declarar que R.P.R., ten adquirido a concesión do posto de carnicería nº 12 da Praza de Abastos sendo o seu titular para todos os efectos e sucedendo ao anterior titular en todos os dereitos e obrigas polo tempo que resta ata o remate da concesión que se lle transmite.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Tesourería.

21.- Expediente 813/2017. PROPOSTA ORDENACIÓN VIVENDAS DE USO TURÍSTICO NO CONCELLO DE CANGAS

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE TURISMO E MEDIOAMBIENTE SOBRE ORDENACIÓN DE VIVENDAS DE USO TURÍSTICO NO CONCELLO DE



CANGAS

O Decreto 12/2017, de 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no DOG nº 29, de 10 de febreiro de 2017, establece no seu artigo 41.4º, que para o inicio da actividade turística, na modalidade de vivendas de uso turístico, se deberá presentar, licenza de primeira ocupación ou cédula de habitabilidade ou certificado final de obra expedido polo persoal técnico competente, no que se acredite que se executaron as obras de conformidade coa licenza municipal outorgada, ou certificado municipal que acredite que a edificación reúne as condicións técnicas e urbanísticas para o seu destino á vivenda, ou informe de órgano municipal ou autonómico competente, acreditativo de que non se adoptaron medidas de restauración da legalidade urbanística ou ambiental.

O obxectivo da Concellería de Turismo e Medio ambiente, é favorecer o ordenamento destas vivendas de uso turístico sitas no municipio, facilitando a súa inscrición no REAT (Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia) e o inicio da súa actividade, segundo o establecido no Decreto anteriormente sinalado.

En consideración ao anteriormente exposto propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Dispoñer os medios necesarios para poder facilitar ás persoas que o demanden a documentación que se solicita no decreto.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

22.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/ENTREGA DA OBRA "PROXECTO DE REHABILITACIÓN EDIFICIO DA AGRARIA E OFICINA DA ORAL DE CANGAS"

Dáse conta de escrito do día 09.02.2017 da Deputación Provincial de Pontevedra, referente a comunicación de resolución presidencial do referido órgano, no que se acorda a entrega a favor do Concello de Cangas da obra "PROXECTO DE REHABILITACIÓN EDIFICIO AGRARIA E OFICINA DA ORAL EN CANGAS" por importe de cento vinte e sete mil catrocentos trinta e tres euros con vinte e oito céntimos (127.433,28 €).



23.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA O FOMENTO DA ACCESIBILIDADE E RECURSOS TURÍSTICOS NO MEDIO RURAL-2017

RESOLUCIÓN

SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA TURISMO DE GALICIA PARA O FOMENTO DA ACCESIBILIDADE E RECURSOS TURÍSTICOS NO MEDIO RURAL-2017, COFINANCIADAS CO FEADER NO MARCO PDR DE GALICIA 2014-2020

Vista a Resolución da Axencia de Turismo de Galicia de data 29 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 e se anuncia a convocatoria para o ano 2017.

Visto que o obxecto desta resolución é o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos, redáctase memoria para a instalación e adecuación de casetas de aseos para a mellora na accesibilidade de persoas con diversidade funcional en cinco praias do Concello de Cangas, pola concelleira de Turismo con importe total de dezanove mil seiscientos dous euros (19.602,00 €).

Polo que esta Alcaldía, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Solicitar ao abeiro da Resolución do 29.12.2016 da Axencia de Turismo de Galicia, unha axuda para a instalación e adecuación de casetas de aseos para a mellora na accesibilidade de persoas con diversidade funcional en cinco praias do Concello de Cangas, polo importe total de dezanove mil seiscientos dous euros (19.602,00 €).

SEGUNDO.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución do 29.12.2016 da Axencia Turismo de Galicia, así como o compromiso de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ata o importe total da execución prevista.

DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA ASOCIACIÓN DE SAÚDE MENTAL "DOA" PARA CAMPAÑA INFORMATIVA

Dáse conta de escrito de J.M.A.V., xerente da ASOCIACIÓN DE AYUDA AL ENFERMO MENTAL (DOA), con CIF G-36044295 e domicilio en rúa Romil, nº 84 (36.211) Vigo-Pontevedra, no que solicitan autorización municipal para a instalación de mesas informativas sobre a doenza mental nas seguintes datas e lugares:

* 24.03.2017: entrada do Concello de Cangas.



Concello de Cangas

* 11.04.2017: entrada ao Mercado Municipal de Cangas.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850